

ORDE do 23 de maio de 2018 pola que se aproban as bases e se convocan axudas para a realización de actividades formativas STEM en lingua inglesa, **STEMweek, no ano 2018, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos.**

A actividade «STEMweek» en lingua inglesa pode proporcionar ao alumnado galego un escenario propicio para desenvolver capacidades, coñecementos e técnicas, a través dunha invitación ao descubrimento, que aumenten o seu interese por saber, cada vez máis, sobre diversos campos da ciencia e as súas posibilidades de aplicación na tecnoloxía, ademais de ofrecer unha oportunidade para a mellora da competencia comunicativa en lingua inglesa.

Poderán solicitar a participación nas actividades convocadas e ser beneficiarios destas axudas aqueles que:

- a) Cursaran **3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria**, en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, **durante o curso 2017/18**, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) **Teñan superadas todas as materias nos cursos 2016/17 e 2017/2018.**
- c) Teñan no curso 2016/17 unha **calificación mínima de 6 na materia de inglés.**
- d) Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.
- e) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Estar en posesión do documento nacional de identidade (en diante, DNI), número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) ou pasaporte. No caso do alumnado menor de 14 anos que non dispoña de documento de identidade, farase constar, como documento identificativo, o do pai ou da nai ou do titor ou titora legal.

As axudas poderán ser solicitadas polos pais, nais ou titores legais, no caso do alumnado menor de idade, ou polo propio alumnado se é maior de 18 anos, sempre que conten con domicilio no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

As quendas, lugar de celebración, datas, número de alumnos/as e cursos a que van destinadas as actividades que se convocan son:

Quenda	Lugar	Datas	Idioma	Nº de alumnos/as	Curso
1ª	CDR A Coruña	26 agosto-1 setembro de 2018	Inglés	100	3º ESO
2ª	CDR A Coruña	2-8 setembro de 2018	Inglés	100	4º ESO

O lugar onde se realizará esta actividade será o **CRD da Coruña** (Centro Residencial Docente, Burgo-Acea de Ama, s/n, Culleredo 15670), en **réxime de internado** de domingo ao sábado seguinte. En cada quenda, o alumnado entrará o domingo entre as 18.00 e as 19.30 horas e sairá o sábado entre as 12.00 e as 13.30 horas. As familias ou titores legais dos menores serán os responsables de levar e recoller o alumnado ata o lugar de realización da actividade, e os gastos que isto ocasione serán a cargo deles. O resto das actividades será gratuíto para o alumnado adxudicatario das prazas ofertadas.

O custo total subvencionado de cada actividade inclúe:

- a) **Os monitores ou monitoras** que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade.
- b) **Os gastos de docencia e o material escolar.**
- c) **As actividades culturais, deportivas e complementarias** dos cursos.
- d) **Os gastos de mantenza e aloxamento.**
- e) **O certificado** de realización da actividade.
- f) **O seguro** de accidentes e de responsabilidade civil.

As solicitudes presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (ED504G) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia (12/06/2018).

Máis información en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25248>